

TALÍA TEATRO

presenta

bicos con lingua

www.taliateatro.eu

antecedentes

No ano 2003 producimos o espectáculo “Bicos con lingua” .

sinopse

Bicos con lingua é un espectáculo que nace dun forte sentimento de amor cara algo tan propio como é a nosa lingua.

Non se trata en ningún momento dun exercicio de victimismo, nada máis lonxe da nosa intención, senon de afondar nun problema real e , certamente preocupante.

Así, pretendemos que esta montaxe supoña para o espectador unha experiencia de redescobramento dunha lingua que existe e que medra na súa inmensa riqueza, a pesares dos usos e abusos aos que está sometida de cotío.



Premio María Casares ao mellor texto orixinal.

Premio María Casares ao mellor actor protagonista (Artur Trillo).

o que a prensa dixo:

"... teatralmente é unha aposta, limpa, sinxela, atractiva, con moito traballo actoral por parte dos intérpretes. Un traballo moi ben resolto. Mesmo temos a sensación de que os actores o pasan ben actuando...

... Hai moito dinamismo, e aso espectadores o tempo da obra pásanos voando. Desfrutamos tanto que non queremos que a obra acabe".

L. Gómez (El Correo Gallego)

"Un espléndido diálogo, tecido arredor da lingua, é o eixo central desta excelente peza dramática.

... a demostración palpable de que é certo que se pode facer, que fai teatro, bo teatro nestes nosos lares. Había tempo que quen lles escribe non disfrutaba tando vendo unha representación escénica na nosa lingua".

A. Conde (El Correo Gallego)

"A novidade de "Bicos con lingua" é facer humor con esas cousa que habitualmente aparecen nos informes (dramáticos) sobre a perda de falantes en galego ou sobre algunhas esquizofrenias en relación co castelán. Cun estupendo sentido do humor, a máis recente montaxe de Talía, compón un rompecabezas de situacións que van do completamente posible ata a proxección dun futuro que os optimistas damos por fantástico"

C. Franco (La Voz de Galicia)



ferramenta didáctica



Case sen querer, pola demanda entre os centros de ensino de Educación Secundaria, démonos conta da importante ferramenta didáctica que tiñamos entre as mans.

A lingua galega está composta (como tódalas linguas) por substantivos, verbos, adxectivos, expresións, palabras e máis palabras... que se poden estudar... e que tamén se poden (e deben) amar e respectar.

Precisamente é ese respecto por algo tan noso como son a lingua e a literatura galegas o que pretendemos fomentar e cultivar entre a mocidade. Así, presentámoslles este espectáculo como unha proposta sincera e cargada de intención, especialmente pensada para ser empregada como contido transversal no estudio e cultivo da nosa lingua e da nosa literatura entre o alumnado de secundaria, facendo fincapé na situación sociolingüística que atravesamos o emprego do galego en diferentes facetas das nosas vidas, a través do tempo e do espazo, elevando a voz e sinalando co dedo cando é necesario, pero eso si, sempre cun necesario e gratificante sorriso na cara.

distribución

Realizáronse máis de 250 representacións de Bicos con lingua, tanto na nosa terra, como no exterior: Río de Janeiro, Padua, Roma, París, Vitoria, Barcelona, Bilbao,...



A nosas propostas:

- Campaña para escolares (para centro de Educación Secundaria)
- Elaboración e edición dunha unidade didáctica para traballar no centro
- Potenciar a distribución nos centros galegos e universidades onde se imparta ensino en galego do resto da península e extranxeiro.
- Calquer outra campaña de dinamización lingüística